



Museo
do Pobo
Galego



IEI
instituto de
estudos das
identidades

Mazaricos, 1979-01

Informantes: veciños e veciñas de Mazaricos

Compiladora: Dorothé Schubarth

Transcripción: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

Hei carballeira!

Ai la la...

/:Toca la jota navarra:/
no lugar de Villariño
/:tocana saraghosana:/
ai la la...

O río cando vai cheo
leva carballos e follas,
tamén podía levar-e
/:as lenguas marmuradoras:/
ai la la...

/:Para bailar meu irmán-he:/
para toca-lo pandeiro,
/:viva quen o tén na man-he:/
ai la la la...

Aquela que vai no baile,
aquela mais piquiniña,
relúmbrall'a súa cara
/:como ó sol de mediodía:/
ai la la lo ai la la le lo...

Na saia de Carolina
leva un lagharto pintado,
ten cuidado, Carolina,
/:qu'inda che fuxe co rabo:/
ai la la la

Miña nai por me casar-e
i-ofreceume canto tiña,
ahora veme casada,
/:pághame cunha ghaliña:/
ai la la...

Esta fouladiña d'hoxe
mañán ha de ser sonada
ela que si, ou que non
eu tamén vou na manada.

Ai la...

A pasa-lo righeiriño
díxenche que si, que sí,
de righeiriño pasado
quedeime rindo de ti-e.